



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de maio 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE MAIO 2009



1.- Resumo

Mes moi variable, que resultou en media seco e cálido

O mes de maio estivo caracterizado pola variabilidade nas situacións sinópticas, propia do tempo primaveral, oscilando entre anticiclóns con masas de aire propias de verán e borrascas con masas de aire frías procedentes do Atlántico norte. O mes comezou baixo condicións anticiclónicas e cunha masa de aire procedente do sur da Península, que deixou nas primeiras 6 xornadas un tempo seco e con ascenso das temperaturas. O día máis cálido foi o propio día 6, con máis de 30°C en Ourense capital como máxima de Galicia neste episodio. A partir do día 7 comezaron a entrar néboas de advección polo litoral. Entre o día 8 e o 12 tivemos 5 xornadas con inestabilidade atmosférica e chuvascos irregularmente repartidos e puntualmente treboentos. A partir do día 13 entraron novamente altas presións, pero soamente dominaron a situación sobre a península Ibérica durante 3 xornadas, posto que o sábado día 16 unha fronte percorreu Galicia deixando temperaturas baixas e chuvias xeneralizadas en toda a Comunidade. A partir dese momento os días entre o 17 e o 22 a situación atmosférica foi indefinida en superficie, pero sempre con aire frío en altura o que novamente deixou algúns chuvascos puntuais que durante este período afectaron a toda a Comunidade, pero de xeito illado, polo que as cantidades totais de chuvia recollida en cada punto non son moi destacables. Sí destaca a fin de semana do 23 e 24, cando unha bolsa de aire frío nas capas medias da atmosfera situouse por riba de Galicia deixando dúas xornadas tormentosas, con chuvascos intensos en algúns puntos concretos, acompañados de sarabia e aparato eléctrico. A situación inestable tivo continuidade o luns, día 25, aínda que desta volta sufrimos o paso dunha fronte ocluída, que deixou ceos toldados e chuvias persistentes en toda Galicia. O mes terminou na derradeira semana como empezara, con altas presións e temperaturas altas. Na parte máis alta deste episodio, nos días 29 e 30, as máximas superaron os 30°C practicamente en toda a Comunidade.

Chuvia

As chuvias estiveron en xeral por debaixo do agardado neste mes de maio en toda Galicia, aínda que con excepcións en puntos do litoral norte e zonas altas do interior, onde teríamos que considerar o mes como chuvioso. Estas diferencias están ocasionadas polo feito de que tivemos moi poucas chuvias frontais, predominando as chuvias convectivas, que deixan cantidades desiguais no territorio, aínda que normalmente acumúlanse cantidades máis importantes nas zonas de montaña. Tamén ten un efecto salientable na cantidade total de chuvia a fronte ocluída do día 26 que acumulou cantidades moi significativas no litoral noroeste de A Coruña.

Temperatura

As temperaturas poden considerarse normais na metade norte, pero o mes foi cálido no sur da Comunidade. As dúas entradas anticiclónicas que ocuparon a primeira e última semana do mes tiveron un efecto de arrastre sobre os termómetros que non puideron compensar os días de chuvia, posto que moitos destes días estiveron ocasionados polo efecto do aire frío en altura, que deixa chuvias ocasionais, pero tamén momentos de sol.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da CMA (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións do INM, e Lourizán, da CMA), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual o maior a 1 mm

CIS FERROL

	MAIO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	15.1	14.6	17.0 (1989)	12.1 (1984)
Tª mínima media	11.5	11.5	13.8 (1989)	9.9 (1983;1984)
Tª mínima absoluta	5.2 (día 1)	4.6 (02/05/1977)		
Tª máxima media	17.6	17.6	20.2 (1989)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	31.1 (día 29)	30.6 (13/05/1992)		
Precipitación acumulada	90	64-88	164 (1984)	9 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	11	11	21 (1983)	2 (1976)

Comentario:

Mes cálido en canto á temperatura media mentres que para as temperaturas máxima e mínima o mes pode considerarse normal.

A chuvia rexistrada supera lixeiramente o rango normal de valores para o mes de maio. O número de días de chuvia acada o valor climático.



SANTIAGO

	MAIO 2009	VALORES CLIMÁTICOS *	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	14.5	14.5	17.9 (1989)	10.8 (1984)
Tª mínima media	9.5	9.8	12.1 (1989)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 1)	1.8 (06/05/1982)		
Tª máxima media	20.4	19.3	23.6 (1989)	14.8 (1984)
Tª máxima absoluta	31.8 (día 29)	34.9 (29/05/2001)		
Precipitación acumulada	53	99-147	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	9	13	23 (1993)	2 (1987)

Comentario:

En xeral as temperaturas máximas, mínimas e medias moi semellantes aos valores climáticos, o mes pode considerarse normal. A precipitación rexistrada é moi inferior ao valor climático considerándose o mes "moi seco", esto mesmo ocorre cos días de chuvia inferiores ao valor agardado.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003), polo que a diferenza neste caso está algo sobreestimada

LUGO

	MAIO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	13.4	13.4	16.8 (2000)	9.6 (1984)
Tª mínima media	7.6	8.3	11.3 (2000)	6.0 (1987)
Tª mínima absoluta	0.7(día 1)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª máxima media	19.9	18.5	22.3 (2000)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	31.3 (día 29)	36.0 (15/05/1979)		
Precipitación acumulada	43	69-99	193 (1997)	7 (1976)
Días de chuvia (≥ 1 mm)	8	11	20 (1983)	1 (1976)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas máximas, as medias semellantes ao valor climático e as mínimas lixeiramente inferiores, se ben se poden considerar normais. A precipitación rexistrada é menor que o valor climático polo que o mes pódese considerar seco, esto se reflicte tamén nos días de chuvia



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	16.2	14.9	17.3 (1989)	12.0 (1984)
T ^a mínima media	10.5	9.8	12.0 (1989)	7.2 (1984)
T ^a mínima absoluta	5.4 (día 15)	0.4(06/05/1982)		
T ^a máxima media	22.6	20.1	23.3 (1991)	16.6 (1983)
T ^a máxima absoluta	34.0 (día 30)	33.5 (16/05/1992)		
Precipitación acumulada	76	112-130	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	8	12	23(1997)	3 (1987;1991)

Comentario:

En xeral mes cálido para todas as temperaturas, se ben destaca a temperatura máxima, con máis de dous graos por riba do valor climático, polo que o mes quedou moi cálido.

A precipitación rexistrada é inferior o rango normal, polo que o mes pode considerarse seco.

Esto mesmo obsérvase nos días de chuvia inferiores aos agardados.

OURENSE

	MAIO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
T ^a media	16.5	15.8	18.5	12.0 (1984)
T ^a mínima media	9.8	9.1	11.3 (2000)	6.7 (1984)
T ^a mínima absoluta	4.8 (día 1)	-0.4 (06/05/1982)		
T ^a máxima media	23.6	22.4	26.2 (1989)	17.3 (1984)
T ^a máxima absoluta	34.4 (día 29)	37.4 (29/05/2001)		
Precipitación acumulada	52	54-71	137 (1993)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	7	9	18 (1993)	0 (1976)

Comentario:

Mes cálido en xeral para todas as temperaturas, sendo superiores en torno a un grao dos valores climáticos agardados.

A precipitación rexistrada é inferior ao agardado pero está preto do rango normal de precipitación. Os días de chuvia tamén son inferiores ao valor climático.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


NOTA: Aínda non dispoñibles

3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

NOTA: Aínda non dispoñibles



3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 05/2009

www.meteogalicia.es